

POLÍTICA DE INCLUSIÓN

O IES do Castro conta cun documento de organización que inclúe todos os aspectos que marca a política de Inclusión do IB: denomínase “Plan Xeral de Atención á Diversidade”, é elaborado polo Departamento de Orientación do centro e sometido a revisión e aprobación do Claustro de Profesores e do Consello Escolar que representa a toda a comunidade educativa (profesorado, pais e nais, alumnado e persoal non docente). Révisase cada 4 anos, e a última aprobación corresponde a xuño de 2018.

O marco legislativo baséase en:

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo I do título preliminar establece:

“..... os principios e fins do sistema educativo, destacando entre os principios que o inspiran a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a concepción da educación ao longo de toda a vida; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado; a orientación educativa e profesional do estudiantado; o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.”

No Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que segue vixente despois da aplicación da LOMCE - a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro -, para a mellora da calidade educativa – concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e

organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

O capítulo IV do noso Proxecto Educativo de Centro, punto 12, di:

“O centro asegura a atención á diversidade de alumnos/ as con distintas capacidades, estilos e ritmos de aprendizaxe e favorece a integración de alumnos/ as con determinadas minusvalías, adoptando en cada momento o conxunto de medidas curriculares e organizativas necesarias (formación psicopedagóxica do profesorado, eliminación de barreiras arquitectónicas, apoios específicos...) para establecer as respostas educativas máis adecuadas á devandita pluralidade.”

O noso Plan de Atención á Diversidade parte dos marcos legislativos anteriores, polo que o IES do Castro, atendendo a estes orzamentos, pretende favorecer nos seus diferentes proxectos e programas, a atención de todo o alumnado mediante unha concepción individualizada do ensino e a aprendizaxe, e réxese polos principios de normalización e inclusión.

Esta concepción obriga a dar respostas educativas adecuadas mediante unha serie de medidas de carácter xeral preventivas, organizativas e con outras medidas específicas (ordinarias ou extraordinarias) que se implementaron durante os últimos anos desenvolvendo un ensino máis personalizado e adaptada ás características persoais (intereses, motivacións e aptitudes) e ambientais do alumnado, e conforme ás directrices legais que se foron publicando.

Este Plan

-implementa unha política en materia de inclusión ou de necesidades educativas especiais conforme á lexislación e a política do colexio,

-é de fácil acceso para toda a comunidade escolar (publicado na web do centro)

-é acorde coa filosofía e prácticas do IB, encargándose a **programación de aula** de recoller as **‘adecuacións inclusivas de avaliación’**, con **‘condicións adicionais ou modificadas’** ou **‘axustes razoables’** precisos para alumnado concreto en función das necesidades.

En que medida o Plan de Atención á Diversidade axústase ás consideracións do IB para que unha política de inclusión sexa eficaz?:

IB Política de Inclusión	IES O Castro Plan de Atención a la Diversidad
<i>Reflicte a declaración de principios e os valores do colexio</i>	Apartado 1
<i>Expresa a visión do colexio en materia de inclusión</i>	Apartado 1
<i>Expón as prácticas e procedementos desenvoltoos co fin de eliminar as barreiras para a aprendizaxe</i>	Apartados 2 a 10
<i>Axústase á lexislación local e as políticas do colexio</i>	Apartado 1.
<i>Coherente coas expectativas do IB que se indican nas normas para a implementación dos programas e aplicacións concretas do IB</i>	Apartados 2 a 10
<i>Accesible para toda a comunidade escolar</i>	Publicado na web do centro Disponible no Dpto. Orientación Aprobado polo Consello Escolar
<i>Vinculación coas demais políticas do colexio (en materia lingüística, de aprendizaxe, de avaliación, etc.)</i>	Apartados 2 a 10
<i>Revisión periódica a intervalos preestablecidos no ciclo de desenvolvemento do colexio</i>	Cada 4 anos. Última revisión en xuño 2018
<i>Claridade respecto das limitacións á inclusión e do modo en que o desenvolvemento futuro do colexio abordará as limitacións</i>	Pendente